



**INSTRUCCIÓN PARA A MATRÍCULA**  
**PARA ALUMNADO DE CENTROS DA C. A. DE GALICIA.**  
**(ABAU - 2020)**

**A) PROCESO MATRÍCULA ORDINARIA para alumnado de Bacharelato.**

**Prazo: Do 10 ao 17 de xuño**

1. O/A alumno/a entregará no Centro de Secundaria o [impreso de matrícula](#) coa indicación das materias das que se desexa examinar.
2. O/A alumno/a imprime o [documento de Taxas](#) e fai o pago no Banco.
3. O/A alumno/a entrega unha copia do Xustificante de Pago de Taxas, ou xustificante da exención, no centro de Secundaria.
4. O Centro de secundaria cubre na Aplicación Informática Nerta os datos da matrícula e o pago das Taxas e envía ao LERD o listado que xera Nerta coa relación de alumnos e pago de taxas, xunto cos xustificantes de exención **(antes do 19 de xuño)**.

**B) PROCESO MATRÍCULA para alumnado de Ciclos Formativos de Grao Superior de centros da C.A. de Galicia**

**Prazo: Do 1 ao 17 de xuño**

1. O Centro grava as cualificacións do alumnado na Aplicación Informática Nerta
2. O Centro asinará o [certificado](#) de que o/a alumno/a abonou os dereitos de expedición do título ou de que ten superados todos os módulos para poder presentarse á Parte Voluntaria das ABAU.
3. O/A alumno/a imprime o [documento de Taxas](#) e fai o pago no Banco.
4. O/A o alumnado cubre o [impreso de matrícula](#) coa indicación das materias da



parte voluntaria das que se desexa examinar.

5. O alumnado deberá enviar por correo electrónico ao LERD correspondente (Anexo I da Convocatoria) dentro do prazo de matrícula a seguinte documentación:

- a) Impreso de Matrícula cos seus datos e indicación das materias das que desexa examinarse na Parte Voluntaria
- b) Certificado indicado no apartado 2.
- c) Xustificante de ter pagadas as Taxas no Banco ou xustificante de exención.

O alumnado recibirá no seu correo electrónico un “Código de Acceso” necesario para poder realizar na aplicación informática NERTA as solicitudes de revisión e a solicitude de preinscripción en titulacións con límite de prazas do SUG.